

CERTAME DE POESÍA “CONCELLO DE CARRAL”



Concellería de Cultura
CONCELLO DE CARRAL

Decembro 2015



TRAXECTORIA DO PREMIO DE POESÍA “CONCELLO DE CARRAL”

A Concellería de Cultura do Concello de Carral decide no ano 1997 poñer en marcha unha iniciativa cultural que tivera como principal fin o fomento da creación literaria. Despois dunha análise do panorama literario galego da actualidade, optouse por crear un certame poético para maiores de idade que crearan poemarios en lingua galega.

A idea foi consensuada con algúns expertos, que colaboraron no deseño e difusión do evento. Como “padriños” da iniciativa se puido contar cos poetas Xulio López Valcarcel e Miguel Anxo Fernán Vello, cuxas suxestións e contribucións resultaron fundamentais para obter os excelentes resultados conseguidos.

O primeiro premio foi fixado en 50.000 pesetas, e desde entón foi aumentando progresivamente ata os 2.000 euros das últimas.

Sempre se esixiron libros cun mínimo de 400 versos para así poder contar con obras óptimas para a edición; mais no ano 2012 aumentouse ata os 500 para garantir o número mínimo de páxinas que conforman un libro.

Incluíuse como parte importante do premio, a edición do poemario gañador na colección de poesía da editorial Espiral Maior, colección que é sen dúbida a máis importante de Galicia, e das máis salientables de España. A publicación da obra é determinante no ánimo dos autores participantes para remitir as súas obras ao certame, xa que é maior a ilusión das e dos poetas por veren publicados os seus versos, ante tan só o importe económico do concurso.

A dinámica habitual do certame é a de convocar en primeiro lugar o concurso, coa organización dun acto de presentación das bases e a difusión nos medios de comunicación e outros medios habituais aos que acceden afeccionados e profesionais da escrita. Neste aspecto hai que salientar a eficacia na difusión do certame en sitios web dedicados á poesía e a través das asociacións de escritores.

Sempre se fixa un período amplo para a presentación de traballos, facilitando así o coñecemento das bases e a posibilidade de enviar as obras

O total de libros presentados ao longo das 18 edicións do concurso acada unha cifra próxima aos 700 exemplares, e na última edición acadouse a participación de 23 obras.

A relación de autores e libros premiados na vida do certame é a seguinte:

Edición	Autor/a	Libro
1ª	Fernando Díaz-Castroverde	Camiño de Píntegas
2ª	Rafael Lema	Atlántida
3ª	Rafa Villar	Días de Sherazade
4ª	Lucía Novás	Epiderme de estío
5ª	Baldo Ramos	A árbore da cegueira
6ª	Eduardo Estévez	Derrotas
7ª	Xurxo Alonso	Breviario de Aldemunde
8ª	Marcos S. Calveiro	Cartas do terceiro día
9ª	Isidro Novo	Esteiro de noites falecidas
10ª	Xosé Luís Mosquera Camba	Nadja c'est moi
11ª	Paulino Peña Álvarez	Gramática da afirmación
12ª	Eli Ríos	Nós escoitando o badalo en Marienplatz
13ª	Miro Villar	As crebas
14ª	Emma Pedreira	Libro das mentiras
15ª	Roi Vidal	Teatro
16ª	Dores Tembrás	Cronoloxía da urxencia
17ª	Oriana Méndez	O que precede a caída é branco
18ª	Eva Veiga	Soño e vértice



Na actualidade están publicados os libros das 17 primeiras edicións, mentres que o libro *Soño e vértice* publicarase nos vindeiros meses, para presentarse coa entrega do premio da 19ª edición do certame.

En todos estes anos, o Premio de Poesía Concello de Carral foise consolidando entre as convocatorias poéticas en Galicia, acadando xa o prestixio necesario como para que os escritores e escritoras en lingua galega o teñan en consideración á hora de tentar dar a coñecer as súas novas creacións.

O prestixio acadado é resultado de varios factores, entre os que salientamos a excelente calidade dos traballos presentados a concurso, o rigor dos diferentes xurados que teñen tomado parte en todas as edicións, a excelente edición das obras premiadas na colección de poesía de Edicións Espiral Maior, e o rigor en todos os procesos da organización.

Hai que salientar tamén o valor que adquiriu o concurso debido ao que supuxo a moitos dos autores que o gañaron. Para algúns deles, o premio Concello de Carral foi o detonante para a proxección pública da súa obra, e hoxe en día seguen a confirmar a calidade literaria que xa amosaron neste certame. Así, podemos citar a autores como Eduardo Estévez, Lucía Novás, Baldo Ramos, Marcos Calveiro ou Eli Ríos que tiveron en Carral un trampolín definitivo para facerse visibles na paisaxe literaria de Galicia. A outros poetas como Miro Villar, Rafael Lema ou Isidro Novo serviulles para consolidar unha traxectoria xa contrastada e prolífica.

O Concello de Carral obsequia de balde entre os usuarios da biblioteca pública municipal de Carral exemplares dos libros publicados. Deste xeito o evento cultural non só de limita a promover a creación poética, senón que contribúe a promover a lectura, en concreto da poesía.



19ª EDICIÓN DO PREMIO “CONCELLO DE CARRAL”

No ano 2015 a Concellería de Cultura volve convocar unha nova edición do certame coas seguintes características:

- Premio: 2 500 euros
- Para obras orixinais e inéditas, escritas cun mínimo de 500 versos en galego
- Acto de presentación do certame e apertura do prazo de presentación de poemarios: 29 de decembro de 2015
- Prazo para envío de obras: 9 de abril de 2016
- Acto de entrega do premio e de presentación do libro *Soño e vértice* de Eva Veiga, gañadora no 2015: 27 de maio de 2016
- Xurado: pendente de confirmación
- A edición do libro *Soño e vértice* por parte de Edicións Espiral Maior, será asumido polas Secretarías Xerais de Cultura e de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Serán os libros que distribuirá de balde o Concello de Carral.

Ao final do presente dossier achéganse as bases do concurso.

CONTACTOS

Para poder aclarar calquera dúbida xurdida en torno á presente proposta, pódese contactar cos responsables culturais do Concello de Carral:

MARGARITA RAMILO VARELA

Concelleira de Cultura

Tel.: 981 672 580

Tel. móbil: 650 471 405

Correo electrónico: margarita.ramilo@carral.es

CARLOS LORENZO PÉREZ

Técnico de Cultura

Tel.: 981 672 580

Correo electrónico: carlos.lorenzo@carral.es / cultura@carral.es

Enderezo: Casa da Cultura

Rúa de Paleo, 17

15175 – Carral – A Coruña

BASES

XIX CONCURSO DE POESÍA

“CONCELLO DE CARRAL”

- 1.- O Concello de Carral, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, convoca unha nova edición do Concurso de Poesía Concello de Carral.
 - 2.- Poderán optar ao premio todos os autores/as maiores de idade e de calquera nacionalidade, sempre que o seu traballo se presente escrito en lingua galega. Non poden participar gañadores e gañadoras deste concurso das últimas oito edicións.
 - 3.- Fíxase un premio único de **2.500 euros**. O xurado pode declarar deserto o premio. Sobre a contía do premio aplicaranse as retencións fiscais oportunas.
 - 4.- Os traballos, cunha extensión mínima de 500 versos, serán orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos no momento das deliberacións do xurado. Os autores responsabilízanse de lle comunicar á organización, dun xeito inmediato, a concesión doutros premios acadados a partir da remisión dos orixinais.
- Os traballos presentaranse por triplicado, mecanografados con dobre espazo por unha soa cara, debidamente grampados ou encadernados, e coas páxinas numeradas. Cada copia dos traballos presentarase cunha portada na que figuren o título da obra e o lema ou alcume do autor/a, coincidindo no exterior co sobre pechado que debe acompañar á obra, e que conterá no interior o nome e apelidos do autor/a, DNI, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e un breve currículo que incida na súa traxectoria literaria se a houbese.
- 5.- As obras presentaranse na Biblioteca Pública Municipal de Carral (Casa da Cultura, Rúa de Paleo, 17, 15175, Carral, A Coruña. Tel. 981 672 580).
 - 6.- O prazo de admisión de orixinais estará aberto ata o **9 de abril de 2016**.
 - 7.- As deliberacións do xurado son secretas, e delas estenderase a acta correspondente. A decisión do xurado farase pública na primeira quincena do mes de maio e o acto de entrega do premio terá lugar o 27 de maio de 2016.
 - 8.- O xurado estará presidido polo alcalde do Concello de Carral ou concelleiro ou concelleira na que delegue, e formarán parte del dúas persoas de recoñecido prestixio no eido da poesía galega e a autora gañadora da edición anterior deste concurso; actuará como secretario o técnico municipal de Cultura do Concello de Carral. O xurado será nomeado polo alcalde e darase a coñecer antes de realizar as deliberacións.
 - 9.- O título do traballo gañador e o nome e apelidos do seu autor/a daranse a coñecer mediante unha comunicación persoal (chamada telefónica) ao autor/a premiado/a, na web municipal www.carral.es, así como no taboleiro de anuncios da Casa da Cultura do Concello de Carral (Rúa de Paleo 17, Carral).
 - 10.- Establécese un período de dez (10) días desde a decisión do xurado para presentar alegacións á citada decisión. As reclamacións, que se tramitarán ante o Rexistro municipal de Carral, serán valoradas e contestadas polo xurado.
 - 11.- O Concello de Carral reservarase o dereito de publicar a obra gañadora e os dereitos de autor da primeira edición.
 - 12.- As obras non premiadas poderán ser retiradas polos seus autores ou polas persoas nas que deleguen, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte á resolución do xurado. Non se devolverán traballos por correo nin por empresas de mensaxes. As obras que non sexan retiradas no prazo indicado destruíranse.
 - 13.- Correspóndelle ao xurado a interpretación das presentes bases.
 - 14.- A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.
 - 15.- Toda a información relativa ao concurso publicárase na web municipal www.carral.es.

